



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CINCUENTA E TRES REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de abril de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García D. Alberto Villaverde Méndez, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusan a non asistencia D^a. Irene Ligerio Iglesias e D. Angel Moldes Martínez, actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel asiste como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3510.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 29 DE MARZO, NÚMEROS 450 E 451.- De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación das actas anteriores das sesións ordinaria e extraordinaria realizadas o 29/03/2011, núm. 450 e 451, as que quedan aprobadas por unanimidade;

3511.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta á corporación do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3506.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS. EXP. 154/10.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao solicitante; 3507.- PATRIMONIO, APROBACIÓN RECTIFICACIÓN INVENTARIO DE BENS DO EXERCICIO 2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Subdelegación do Goberno e á

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; 3508.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO FILLO ADOPTIVO DE POIO LEOPOLDO NOVOA GARCÍA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente."

A corporación dáse por enterada

3512.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último Pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día; A corporación dáse por enterada.

3513.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2011.- Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de abril de 2011 e que di o que segue: " Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 7 de abril de 2011 na que se propón o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2 do exercicio que consta da factura nº 87945 de Restaurante Nueva Parada, en concepto de "Xantar Nadal", emitida o día 18 de decembro de 2010 por importe de 2.250 € e do informe da Intervención Municipal de data 7 de abril de 2011.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando que se trata dunha factura correspondente ao exercicio do 2010, por importe de 2.250 €, que tivo entrada no mes de febreiro de 2011, existindo neste momento crédito para ela con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2010, vixente no exercicio 2011.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE , ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a aprobación do recoñecemento extraxudicial do crédito de dita factura por importe total de 2,250 euros."

Non suscitándose debate ningún O pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobación do recoñecemento extraxudicial do crédito da factura núm. 87945 D do Restaurante La Nueva Parada por importe total de 2.250 euros.

3514.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO EXERCICIO 2010.- Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de abril de 2011 e

que di o que segue: "Dáse conta do expediente e da providencia da Alcaldía de data 3 de marzo de 2011 que di o seguinte: "Finalizado o exercicio económico 2008 e sendo necesario levar a cabo a correspondente liquidación do Orzamento, por medio da presente DISPOÑO, 1º) Que se inicie de oficio o correspondente procedemento para a confección da liquidación do Orzamento Xeral para o exercicio económico 2010. 2º) Que se elabore o informe de avaliación do cumprimento obxectivo de estabilidade orzamentaria. 3º) Que pola intervención deste concello se emita o informe correspondente. 4º) Elaborados os informes elévese o expediente para a súa aprobación definitiva.", do informe de Intervención e do Decreto da Alcaldía de data 31 de marzo de 2011 polo que se aproba a liquidación do exercicio 2010

A Comisión dáse por enterada."

Non suscitándose debate ningún O pleno da Corporación dáse por enterada da Liquidación do Orzamento correspondente ao exercicio 2010.

3515.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 6/2011 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de abril de 2011 e que di o que segue: "Dáse conta da Providencia e da Memoria da Alcaldía de data 12 de abril de 2011 e do informe e certificación da interventora municipal de data 12 de abril de 2011.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que se trata dunha modificación orzamentaria a realizar para dar cobertura a diversas facturas correspondentes a investimentos para os cales non existe crédito no presente exercicio 2011 en virtude do cal a interventora municipal emite o correspondente informe de reparo que figura no anexo ao informe de data 12 de abril de 2011.

Motivado na Memoria da Alcaldía a existencia de remanente de Tesourería para gastos xerais derivada da liquidación do exercicio 2010 por importe suficiente para aprobar as mencionadas facturas co que se propón :"
Primeiro: levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación. Segundo: aprobar a modificación orzamentaria nº6/2011, mediante crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 37.803,31€. Terceiro: unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, que se expoña ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, po quince días, durante os cales os interesados poderán

examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno”.

A Comisión por 5 votos do BNG e PSOE, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a proposta da Alcaldía.”

Non suscitándose debate ningún O pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación.

Segundo: Aprobar a modificación orzamentaria núm. 6/2011, mediante crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 37.803,31€.

Terceiro: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo quince días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

Antes de comezar o tratamento e deliberación do asunto 3516 polo Sr. Secretario dáse conta do erro cometido na redacción do asunto na orde do día xa que onde di neste punto "CRÉDITO EXTRAORDINARIO" debe dicir: "SUPLEMENTO DE CRÉDITO".

3516.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 7/2011 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de abril de 2011 e que di o que segue: “Dáse conta da Providencia e da Memoria da Alcaldía de data 13 de abril de 2011 e do informe e certificación da interventora municipal de data 13 de abril de 2011.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que se trata dunha modificación orzamentaria para dar cobertura por unha parte a unha serie de facturas de investimentos para os cales non existe consignación no orzamento do 2011 e por outra parte para incrementar o crédito de diversas aplicacións de gastos correntes por ser este insuficiente, segundo consta na Memoria da Alcaldía e o informe de reparo da interventora con relación a ditas facturas que figura no Anexo do informe

de 13 de abril de 2011.

Na Memoria da Alcaldía motívase a existencia de remanente de Tesourería derivada da liquidación do exercicio 2010 e a necesidade de levar a cabo os gastos mencionados é polo que se propón:” Primeiro: levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación. Segundo: aprobar a modificación orzamentaria nº7/2011, mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 315.596,64€. Terceiro: unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, que se expoña ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, po quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.”

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o seu Grupo Político votará en contra xa que, a día de hoxe, xa gastamos o 49% do remanente. Tal e como di a Intervención Municipal ten que existir unha contención dos gastos para que a nova corporación non se atope cunha caixa vacía.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que a situación é moi complicada, levamos 3 anos sen actualizar taxas e os gastos que se fixeron son necesarios.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a proposta da Alcaldía.”

Non suscitándose debate ningún O pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación.

Segundo: Aprobar a modificación orzamentaria núm. 7/2011, mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 315.596,64€.

Terceiro: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo quince días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

3517.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 8/2011 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO E CAMBIO DE FINALIDADE DE REMANENTES DE CRÉDITO PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA.- Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de abril de 2011 e que di o que segue: "Dáse conta da Providencia e da Memoria da Alcaldía de data 14 de abril de 2011 e do informe e certificación da interventora municipal de data 14 de abril de 2011.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que se trata dunha modificación orzamentaria de transferencia de crédito e un cambio de finalidade de varios remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado derivados ambos da existencia de diversas facturas de investimentos para os cales non existe crédito para a súa aprobación para o cal emítese o correspondente reparo suspensivo tal e como se expón no informe do día 14 de abril.

Na Providencia da Alcaldía expónse que existindo remanente de tesourería para gastos con financiamento afectada os cales non van a ser utilizados, poderán utilizarse para dotar crédito nas aplicacións necesarias para aprobar facturas para as cales non existe crédito polo que se propón a realización de transferencia de crédito e o cambio de finalidade de remanentes e que é a seguinte:" Primeiro: levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación. Segundo: aprobar a modificación orzamentaria nº8/2011, mediante transferencia de crédito que ascende ao importe de 5.351,75€ nos seguintes termos:

Así, as aplicacións a minorar serían as seguintes por os seguintes importes:

Aplicación	Denominación	Importe
342.62200	Instalacións deportivas. Investimentos novos en edificios asociados ao funcionamento dos servizos.	655,56€
931.62700	Política económica e fiscal. Proxectos complexos	1.359,68€
920.62700	Administración xeral. Proxectos complexos	677,71€
920.62600	Administración xeral. Equipos para procesos de información	699,59€
172.60900	Medio ambiente. Investimentos novos destinados ao uso xeral	1.959,21€
	TOTAL	5.351,75 €

E as aplicacións a incrementar as seguintes por os seguintes importes:

Aplicación	Denominación	Importe
342.62500	Instalacións deportivas. Mobiliario	655,56€
920.62500	Administración xeral Mobiliario	2.736,98€
172.62500	Medio ambiente. Mobiliario	1.959,21€
	TOTAL	5.351,75 €

Terceiro: aprobar os cambios de finalidade dos remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado que se expoñen a continuación: o remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado adicado ao PAM 2006-2008, por importe de 4.885,49€ e o remanente de tesourería adicado a "Compra terreos depuradora" por importe de 18.472,98€ adicalo a aprobar facturas existentes relativas a gastos en novos investimentos servizo abastecemento e saneamento para as cales non existe crédito para a súa aprobación, segundo a proposta da Alcaldía

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación".

Non suscitándose debate ningún O pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención Municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación.

Segundo: Aprobar a modificación orzamentaria núm. 8/2011 mediante transferencia de crédito que ascende ao importe de de 5.351,75 €.

Terceiro: Aprobar os cambios de finalidade dos remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado que se expoñen a continuación: o remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado adicado ao PAM 2006-2008, por importe de 4.885,49€ e o remanente de tesourería adicado a "Compra terreos depuradora" por importe de 18.472,98€ adicalo a aprobar facturas existentes relativas a gastos en novos investimentos servizo abastecemento e saneamento para as cales non existe crédito para a súa aprobación, segundo a proposta da Alcaldía.

3518.-CREACIÓN FICHEIRO DENOMINADO "BASE DE DATOS BOLSA DE EMPREGO".- Polo Sr. Secretario dáse conta do

expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de abril de 2011 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente, da proposta do Concelleiro de Desenvolvemento Local, Gregorio Luís Agís Gómez de data 5 de abril de 2011 e do informe do secretario xeral de data 11 de abril de 2011.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou a aprobación do proxecto para a creación dun ficheiro denominado "Base de Datos Bolsa de Emprego" e a súa inscrición na Axencia Española de Protección de Datos de acordo cos requisitos da Lei Orgánica 15/1999."

Dáse conta da ordenanza reguladora para a creación do ficheiro "Base de datos bolsa de emprego" e que di textualmente: "A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE no 298, do 14 de decembro) regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, que os faga susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

No artigo 20 da devandita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente, establecendo no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.

Dita disposición deberá ser desenrolada nunha ordenanza do concello e aprobada no pleno deste polo canto dispoño:

Primeiro: Creación de ficheiros.

Creanse neste Concello os ficheiros de datos de carácter persoal sinalados no Anexo I.

Segundo:

O responsable e propietario dos ficheiros creados e a Alcaldía do Concello de Poio., e os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poden ser exercidos en

Alcaldía do Concello de Poio

Praza do Mosteiro s/n

36995 Poio - Pontevedra

Enderezo electrónico: poio@concellodepoio.es

Tlf. 986770001

Fax. 986771277.

presentando o DNI e mediante o formulario facilitado polo concello.

Terceiro: Medidas de seguridade.

Os ficheiros, con independiencia do soporte no que se atopan, e que creanse pola presente Ordenanza, cumpren as medidas de seguridade establecidas no RD 70/007 de Decembro, polo que se aproba o Regulamento de Medidas de Seguridade dos ficheiros que conteñan datos de carácter persoal.

Cuarto: Contido e finalidade.

O contido e finalidade dos ficheiros atopase sinalado no Anexo I.

Quinto: Cesión dos datos.

Os datos seran cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e nos especificados ás empresas que se acollan á bolsa de emprego mediante as súas ofertas .

No caso da cesión de ditos datos as administracións públicas se atera ao disposto na normativa vixente respecto a esta materia.

Séxto: Publicación.

De conformidade con.....
..... ordease que a presente Ordenanza sexa publicada no Boletín Oficial de Pontevedra.

Sétimo: Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial de Pontevedra.

ANEXO I

Ficheiro: BASE DE DATOS DA BOLSA DE EMPREGO

Identificación do ficheiro e tratamento, finalidade e usos previstos.

O ficheiro é de tipo electrónico e a súa finalidade é o Rexistro de participantes na bolsa de emprego organizada polo Concello, esta sometido a tratamento automatizado para cumprir os seus obxectivos lexítimos, sendo este tratamento apropiado e non excesivo para ditos fines.

Orixe dos datos

Son recabados das declaracións e da documentación aportada polos interesados.

Recóllense mediante formularios ou entrevista persoal por parte do persoal asignado, nos formularios inclúense as cláusulas informativas e de consentimento de almacenamento, xestión e cesión precisas de acordo a normativa vixente e o obxectivo de ficheiro.

Estrutura básica do ficheiro

O ficheiro consta dos seguintes campos de datos persoais:

nome

apelidos

Enderezo

dni

datos académicos

experiencia profesional

minusvalías

Comunicacións de datos previstas.

A cesión de datos farase única e exclusivamente ás empresas que se acollan á bolsa de emprego mediante as súas ofertas, pero comprometeranse a que os datos facilitados polo Concello de Poio serán empregados soamente para a bolsa de emprego; ademais, comprometeranse a non distribuílos sen autorización e a empregalos só co fin debido.

Transferencias internacionais de datos previstas

Non se prevé cesión de datos a terceiros países.

Nivel do ficheiro

Por canto o ficheiro pode conter datos persoais de saúde no caso de minusvalías que sexan precisos para especifica-la situación laboral do suxeito, esta suxeito as obrigas de manexo e conservación do nivel ALTO de acordo co establecido no título VIII do RDLOPD. ”.

Non suscitándose debate ningún O pleno da Corporación por unanimidade de votos acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a ordenanza para a creación dun novo ficheiro denominado Base de datos Bolsa de Emprego por parte da persoa responsable neste Concello da protección de datos (LOPD) para a súa inscrición na Axencia Española de Protección de datos de acordo cos requisitos da Lei orgánica 15/1999.

Segundo: Que se proceda á publicación do mesmo no Boletín Oficial da Provincia para exposición pública polo prazo de 30 días, para a presentación de alegacións e reclamacións. De non presentarse ningunha entenderase aprobado definitivamente, de conformidade co disposto no artigo 49 da lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes.

MOCIÓNS URXENTES.- Prodúcense as seguintes:

3519.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN EXPEDIENTE E PREGO DE CLÁUSULAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO BAR DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación da urxencia que queda aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP.

Dáse conta a Corporación do expediente tramitado e iniciado mediante proposta de alcaldía de data 12 de abril de 2011 de aprobación do expediente de contratación tramitado para adxudicación do contrato administrativo especial de Explotación do servizo de bar na Casa de Cultura Xaime Isla Couto de Raxó, mediante procedemento aberto e trámite ordinario, por un prazo de 5 anos prorrogables ata por cinco anos mais, non podendo exceder na súa totalidade de dez anos incluídos contrato e prórrogas e un prezo o canon mensual de 300 € máis IVE e demais dos impostos correspondentes, previa incorporación dos correspondentes pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a preceptiva fiscalización da intervención municipal.

Dando cumprimento ao disposto na antedita proposta da Alcaldía incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares que rexerán o contrato administrativo especial mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación do servizo de bar da Casa de Cultura Xaime Isla Couto en Raxó, de data 15 de abril de 2011.

Consta no expediente informe de datas 18 e 26 de abril de 2011 emitidos pola Servizo de Contratación e de forma conxunta pola Intervención e Secretaria Xeral, respectivamente.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra este quedou aprobado adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación, prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas por procedemento aberto e trámite ordinario da contratación para a explotación do Servizo de bar da Casa de Cultura Xaime Isla de Raxó, por un prazo de 5 anos prorrogable ata 5 anos máis e un total de 10 e un importe mensual de 300,00 € máis o IVE correspondente, de conformidade coa cláusula 6 do PCA.

Segundo: Proceder á publicación dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas no perfil do contratante e anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de proposicións por un prazo de 15 días hábiles.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3520.- CONTRATACIÓN, MODIFICACIÓN PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación da urxencia que queda aprobada por unanimidade de votos dos membros presentes.

Polo Sr. Secretario presente na sesión dáse conta do expediente aprobado mediante acordo número 3502 adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión realizada o 10 de marzo de 2011 na que se acordou aprobar o expediente de contratación, prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas por procedemento aberto para a xestión do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Poio dispoñéndose igualmente no devandito acordo a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para a presentación de ofertas polo prazo de 15 días hábiles, o que se publicouse no BOP do 07 de abril de 2011.

Detectado o erro de redacción no prego de cláusulas e concretamente a cláusula 11. Criterios de selección. Valoración, no seu apartado 2 proposta de melloras con servizos complementarios, onde di: "Servizo de Lavandería fóra do domicilio, por cada lavado individual do usuario á semana, 0,01 puntos, ata un máximo de 4 puntos" de be dicir: "Servizo de lavandería fóra do domicilio, por cada lavado individual de cada un dos 23 á semana, 0,1 puntos, ata un máximo de 4 puntos".

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes acordou aprobar a modificación proposta polo Servizo de Contratación adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Modificar o prego de Administrativas que rexe a contratación da Xestión do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Poio na súa cláusula 11. Criterios de Valoración, no seu apartado 2 debendo dicir: Servizo de lavandería fóra do domicilio, por cada lavado individual de cada un dos 23 á semana, 0,1 puntos, ata un máximo de 4 puntos.

Segundo: Dispoñer a publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia e Perfil do Contratante do Concello de Poio, para a presentación de ofertas para a devandita contratación durante o prazo de 158 días hábiles, a contar da publicación do mesmo no BOP.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3521.- BENESTAR SOCIAL, RATIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 9201 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN REALIZADA O 18 DE ABRIL DE 2011, SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PLAN CONCERTADO 2011.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co disposto no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación do acordo número 9201 adoptado pola Xunta de Goberno Local do 18 de abril de 2011, en relación coa solicitude de subvención do Plan Concertado 2011 e que ti textualmente: "9201.-SERVIZOS SOCIAIS, SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PLAN CONCERTADO 2011.-Dáse conta do expediente tramitado e da proposta de data 14 de abril de 2011 da concelleira delegada de Benestar Social, Igualdade e Xuventude que di o seguinte: "Tras ver a Orde do 3 de febreiro de 2011, e despois de ver o proxecto elaborado polo servizos sociais, realizada a tramitación legalmente establecida, proponse á xunta de Goberno Local para que informe favorablemente a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO.**

Primeiro: prestar aprobación ao expediente relativo ao Plan Concertado 2011 destinado a servizos sociais comunitarios municipais formado polo departamento de Servizos Sociais ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 3 de febreiro de 2011, pola que se regulamentan axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, **ANEXO I** orzamentados nun total de 483.268,51 € dos que a corporación local realizará unha achega de 233.538,19 € , de forma que a axuda solicitada será de 249.730,32 € (cantidade que inclúe remanente da comunidade autónoma do exercicio 2010 por importe de 365,06 €) , correspondendo:

Persoal: 121.019,76 €

Mantemento: 2000,00 €

Axuda no Fogar:

Modalidade de Prestación Básica do Plan Concertado: 30.360,56 €.

Modalidade para persoas valoradas como Dependentes: 90.000,00€;

Xestión de Programas: 6.350,00 €

Segundo: solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da devandita Orde, para servizos sociais comunitarios municipais, unha axuda de 249.730,32 €

Terceiro: asumir o compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e os investimentos de mellora en servizos sociais incluídos no proxecto presentado para a solicitude da subvención para o ano 2011 na contía de 233.538,19 € o que supón unha porcentaxe de

48% sobre o orzamento total do proxecto presentado.

Cuarto: declarar que se seguen a prestar os servizos nas mesmas condicións do ano anterior, garantindo así o desenvolvemento dos programas e prestacións básicas dos servizos sociais de atención primaria municipais.

ANEXO II

Quinto: solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da devandita Orde, a subvención para o Proxecto de Desenvolvemento do Pobo Xitano **ANEXO II** unha axuda de 58.862,00 €

Sexto: asumir o compromiso de cofinanciar no proxecto de integración e normalización social do poboado xitano do Bao "Abrindo Portas" na contía de 8.000,00 €, contía que supón unha porcentaxe de 11,96 € sobre o orzamento total do proxecto presentado que ascende a cantidade de 66.862,00 €

Sétimo: dar traslado do presente acordo xunto co resto da documentación á Consellería de Traballo e Benestar dentro do prazo máximo marcado na Orde reguladora da subvención solicitada".

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) e co artigo 89.5 da Lei 30/92 de 26 de novembro de RJAPPAC **acordou:**

Primeiro: Prestar aprobación ao expediente relativo ao Plan Concertado 2011 destinado a servizos sociais comunitarios municipais formado polo departamento de Servizos Sociais ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 3 de febreiro de 2011, pola que se regulamentan axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, ANEXO I orzamentados nun total de 483.268,51 € dos que a corporación local realizará unha achega de 233.538,19 €, de forma que a axuda solicitada será de 249.730,32 € (cantidade que inclúe remanente da comunidade autónoma do exercicio 2010 por importe de 365,06 €) , correspondendo:

Persoal: 121.019,76 €

Mantemento: 2000,00 €

Axuda no Fogar:

Modalidade de Prestación Básica do Plan Concertado: 30.360,56 €.

Modalidade para persoas valoradas como Dependentes: 90.000,00€;

Xestión de Programas: 6.350,00 €

Investimentos "Proxecto reposición pasamáns Centro de Servizos Sociais": 7.599,83€ (financiado integramente pola Corporación).

Segundo: Solicitar á Consellería de Traballo e

Benestar, ao abeiro da devandita Orde, para servizos sociais comunitarios municipais, unha axuda de 249.730,32 €

Terceiro: Asumir o compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e os investimentos de mellora en servizos sociais incluídos no proxecto presentado para a solicitude da subvención para o ano 2011 na contía de 233.538,19 € o que supón unha porcentaxe de 48% sobre o orzamento total do proxecto presentado, declarando que no orzamento xeral municipal para o exercicio 2011 existe consignación de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega municipal.

Cuarto: Declarar que se seguen a prestar os servizos nas mesmas condicións do ano anterior, garantindo así o desenvolvemento dos programas e prestacións básicas dos servizos sociais de atención primaria municipais.

Quinto: Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da devandita Orde, a subvención para o Proxecto de Desenvolvemento do Pobo Xitano **ANEXO II** unha axuda de 58.862,00 €

Sexto: Asumir o compromiso de cofinanciar no proxecto de integración e normalización social do poboado xitano do Bao "Abrindo Portas" na contía de 8.000,00 €, contía que supón unha porcentaxe de 11,96 € sobre o orzamento total do proxecto presentado que ascende a cantidade de 66.862,00 €, declarando que no orzamento xeral municipal para o exercicio 2011 existe consignación de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega municipal.

Sétimo: Dar traslado do presente acordo xunto co resto da documentación á Consellería de Traballo e Benestar dentro do prazo máximo marcado na Orde reguladora da subvención solicitada.

Oitavo: Dar traslado do presente acordo para o seu coñecemento e cumprimento do trámite previsto na Orde de 3 de febreiro de 2011 ao Pleno na primeira sesión ordinaria que realice."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes e de conformidade co disposto na Orde do 3 de febreiro de 2011, dáse por enterada do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local.

3522.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE AXUDA NO FOGAR.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor, 5 votos en contra do PP e ningunha abstención, de conformidade co disposto no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación da moción do grupo socialista sobre axuda no fogar na que entre outras consideracións na exposición de motivos expón que no DOG do

29 de marzo de 2011 publicouse a Orde do 03 de marzo de 2011 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2011, que se recolle que con carácter xeral non se financiarán novas altas no servizo de axuda no fogar (SAF) de prestación básica. Remátase solicitando a adopción do seguinte acordo: "Instar ao Goberno Galego a rectificar a orde do 03 de marzo de 2011 e a financiar novas altas de servizo de axuda no fogar de prestación básica.

Comeza a quenda de intervencións a Sra. Fernández González explicando que co motivo da publicación desta orde non se pode dar de alta a ningún veciño/a para que poida acceder a este servizo.

O Sr. Domínguez Lino di que co motivo dos recortes en servizos sociais, salariais, do goberno do Sr. Zapatero, os fondos en dependencia non chegan ás comunidades autónomas.

O Sr. Barreiro Lubián di que non se pode comparar os recortes en servizos sociais cos recortes nos salarios dos empregados públicos.

Remata a quenda de intervencións a Sra. González Fernández afirmando que outras comunidades reciben os cartos .

Unha vez rematada a quenda de deliberacións, sométese a votación a moción presentada a que queda aprobada por 10 votos (7 BNG e 3 PSOE), 5 votos en contra e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Galego a rectificar a orde do 03 de marzo de 2011 e a financiar novas altas de servizo de axuda no fogar de prestación básica.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIONES.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e sete minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.